

PROCESO DEER

CEIP "RAMÓN OTERO PEDRAYO"
Buenos Aires s/n Telf/Fax 981605131
e-mail;ceip.pedraio.laracha@edu.xunta.es
15145 A Laracha (A Coruña)



ÍNDICE

1. **Introdución e xustificación do proxecto**
2. **Análise da situación de partida**
 - 2.1 **Datos de identificación do centro (ver PXA)**
 - 2.2 **Situación e entorno físico (ver PXA)**
 - 2.3 **Análise das prácticas lectoras do alumnado**
 - 2.4 **Accións realizadas**
3. **Obxectivos**
 - 3.1 **Obxectivos xerais**
 - 3.2. **Obxectivos específicos**
 - 3.3. **Obxectivos para Educación Infantil**
4. **Metodoloxía**
 - 4.1. **Metodoloxía xeral**
 - 4.2. **Metodoloxía para a etapa de Educación Infantil**
 - 4.3 **Metodoloxía para a etapa de Educación primaria**
5. **ACTIVIDADES**
 - 5.1. **Actividades de centro.**
 - 5.2. **Actividades para Educación Infantil.**
 - 5.3. **Actividades para Primeiro Ciclo de Primaria.**
 - 5.4. **Actividades para Segundo Ciclo de Primaria.**
 - 5.5. **Actividades para Terceiro Ciclo de Primaria.**



5.6. Actividades adaptadas para alumnos con necesidades educativas especiais

5.7. Actividades dende o equipo da biblioteca

6. Recursos

6.1. Persoais:

6.2. Materiais:

7. Difusión do plan á comunidade educativa

8. Implicacións das familias

8.1. Aspectos xerais

8.2. Estratexias co alumnado de Educación Infantil

8.3. Estratexias co alumnado de Educación Primaria

9. Avaliación do plan



1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

O Decreto 130/2007, do 28 de xuño, (DOG do 9 de xullo) polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece que, coa finalidade de fomentar o hábito da lectura, os centros elaborarán e aplicarán un proxecto lector, no que se asegurará como mínimo media hora diaria dedicada á lectura.

O Proxecto Lector do CEIP RAMÓN OTERO PEDRAIO, que agora se presenta, constitúe unha das liñas fundamentais da filosofía do noso centro, polo recoñecemento que a lectura ten como ferramenta básica na aprendizaxe e na formación integral do noso alumnado, así como principal vía de acceso ao coñecemento e á cultura.

O valor da lectura é insubstituíble. Sen ela non é posible comprender a información contida nos textos e asimilala dun modo crítico. A lectura estimula a imaxinación e axuda ao desenvolvemento do pensamento abstracto. Na actual sociedade da comunicación, caracterizada pola sobreabundancia de datos, a lectura comprensiva ten un papel cruce para converter a información en coñecemento.

Dada a transcendencia da lectura na conformación do individuo e, xa que logo, da sociedade, a adquisición e consolidación do hábito lector debe ser un obxectivo prioritario do noso centro. Desexamos que este Proxecto Lector sexa unha continuación das actividades propostas en anos anteriores, estando nel implicados todo o profesorado e o alumnado do centro, desde Educación Infantil ata o último curso de Educación Primaria.

O desenvolvemento das capacidades lectoras

- LECTURA ORAL, pola importancia nos primeiros momentos do aprendizaxe lector.
- LECTURA SILENCIOSA é a lectura que empregamos constantemente na nosa vida diaria.
- FLUIDEZ LECTORA non só afecta á velocidade, senón ,a atención, á exactitude, á comprensión, á memoria, o vocabulario...o tempo que se emprega en ler un texto inflúe na captación das ideas, na fixación das mesmas na memoria e na capacidade de



evocalas e de relacionalas con outras afíns ou contrarias. O empregar moito tempo para ler un texto indica que se percibe deficientemente ou que se comprende mal.

O obxectivo de todo tipo de lectura é COMPRENDER a mensaxe, o contido.

A motivación para ler

Para ler eficazmente é imprescindible a intencionalidade de desexar descubrir algo no escrito así como a atención.

A motivación dos nenos e nenas tenderá fundamentalmente cara aspectos lúdicos, creativos e motivadores. Non debe ser ler por ler, senón un entrenamiento intencional de tódalas habilidades necesarias para o acto lector.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

2.1 Datos de identificación do centro (ver PXA)

2.2 Situación e entorno físico (ver PXA)

2.3 Análise das prácticas lectoras do alumnado

- No noso Centro, en xeral, o alumnado le con certa regularidade.
- Os índices de lectura son aceptables pero susceptibles de mellora.
- O noso alumnado utiliza os fondos bibliotecarios, preferentemente do propio Centro e tamén, aínda que menos, das bibliotecas públicas. Manexan os libros, lévannos a casa e, en definitiva, lenos.
- Estes datos lévannos a promover accións eficaces a medio e longo prazo porque manter e aumentar os índices de lectura da poboación infantil é un labor de anos.
- A acción lectora ha de complementarse necesariamente cunha actuación paralela coa área familiar, para afianzar a competencia lectora na infancia formando lectores capaces de enfrentarse con éxito ao mundo escolar e laboral e fomentar o gusto pola lectura



2.4 Accións realizadas

A lectura é unha materia transversal de todas as áreas do currículo e unha ferramenta indispensable para o aprendizaxe de tódalas materias.

Os esforzos adicados o aumento das capacidades lingüísticas: mellora na comprensión lectora, mellora na produción de textos escritos, mellora do hábito lector e o gusto pola lectura así como á creación de actitudes positivas cara á lectura redundaran positivamente nas aprendizaxes posteriores.

3. OBXETIVOS

3.1. obxectivos xerais

- Desenvolver as habilidades lectoras perceptivas propias de cada etapa para conquistar a suficiente fluidez en cada nivel.
- Elaborar un programa de lecturas adecuadas para cada nivel.
- Que todo o profesorado se sinta implicado no plan lector para contribuír dende a súa área a mellorar a lectura.
- Incrementar o vocabulario.
- Promover o interese, o gusto e a necesidade pola lectura.
- Espertar o interese polos libros.
- Incentivar a capacidade de expresarse tanto a través da fala como por escrito.
- Estimular o entusiasmo por saber e coñecer.
- Incrementar a capacidade de investigar e aprender con autonomía.
- Facer da lectura o pilar básico sobre o que se asente o dominio das competencias curriculares.

3.2. Obxectivos específicos

- Detectar o grao de comprensión lectora do neno medíndoo con probas estandarizadas; a información recollida servirá para implementar estratexias que melloren a competencia lectora do alumnado.



- Diseñar estratexias lectoras axeitadas á realidade de cada grupo.
- Establecer tempos de lectura sistematizados dentro da aula.
- Potenciar a comunicación a través da linguaxe, en calquera das súas formas expresivas
- Diseñar actividades lectoras que se integren no contexto da clase e no traballo diario, que respondan ás características de cada materia e que se baseen nos obxectivos xerais do proxecto lector do centro.
- Compartir estratexias e recursos e actuar conxuntamente, sempre que sexa posible.
- Propor actividades de animación á lectura por cursos e ciclos.
- Aproveitar os recursos da biblioteca e actualizar os seus fondos.
- Diseñar fórmulas atractivas e motivadoras.

3.3. Obxectivos para Educación Infantil

- Experimentar a biblioteca como un lugar máxico de encontro cos libros e con resto da comunidade educativa.
- Establecer un primeiro contacto co libro de forma lúdica.
- Adquirir hábitos relacionados co comportamento que se debe manter na biblioteca.
- Motivar a curiosidade e o gusto por coñecer.
- Lograr que os nenos teñan a conciencia de que a información pode ser atopada en soportes diversos e que están ao seu alcance.
- Lograr que a biblioteca sexa considerada como unha extensión da súa aula.

3.4. Obxectivos para Educación Primaria

- Afondar na relación do neno/a coa biblioteca como lugar que permite satisfacer a súa curiosidade.
- Espertar, crear e estender o gusto pola lectura.
- Desenvolver a imaxinación e a creatividade a través dos recursos que ofrece a biblioteca.
- Afondar en hábitos de comportamento na biblioteca.
- Desenvolver hábitos de coidado e respecto polos libros e materiais existentes.
- Iniciar aos nenos na metodoloxía bibliotecaria.
- Aprender a buscar, organizar e aplicar a información dispoñible.

- Manexar autonomamente os recursos da biblioteca.



- Buscar, clasificar e aproveitar os recursos para ampliar os coñecementos adquiridos na aula.
- Ampliar a visión do mundo, abrir a mente a outras realidades e culturas con actitude de respecto.
- Incrementar o interese e o gusto pola literatura como expresión de coñecemento e cultura.
- Espertar a necesidade de elaborar as súas propias creacións.

Unha concreción dos obxectivos específicos para cada ciclo ou nivel deberán ser desenvolvida dentro do ciclo polo equipo de profesores correspondente, isto reflectírase na PXA por ciclos.

4. METODOLOXÍA

4.1. Metodoloxía xeral

- Utilizaranse diferentes tipos de texto como instrumento fundamental para o desenvolvemento das habilidades lingüísticas.
- Intentarase espertar no alumnado o interese pola lectura, empregando diversas estratexias de animación e proporcionando un ensino adecuado ás súas características.
- Utilizarase a Biblioteca de forma sistemática concibíndoa como centro de recursos e apoio á aprendizaxe desde todas as áreas.
- Buscaranse e aplicaranse estratexias para mellorar tanto a mecánica lectora como a comprensión.
- Consensuaranse algúns aspectos metodolóxicos de maneira que non se produza unha ruptura no proceso de aprendizaxe da lectoescritura.
- Nas programacións didácticas recolleranse os principios metodolóxicos, que rexerán o proceso de ensino-aprendizaxe.



4.2. Metodoloxía para a etapa de Educación Infantil

- Aprender a ler textos escritos, ilustracións, símbolos, sinais, pictogramas... experimentando as distintas posibilidades de expresión.
- Á hora de ler o conto darlle importancia tanto ao texto escrito como ás ilustracións.
- Utilización de xestos e demais movementos do corpo podendo usar voces distintas segundo os personaxes.
- Mostrarlles as partes dun libro. Ensinarlles a cuberta. Comentar de que pode tratar. Contar quen escribiu o libro, quen o ilustrou e quen o editou.
- Traballar a direccionalidade da lectoescritura.
- Aos nenos encántalles escoitar os seus contos preferidos unha e outra vez. Non se debe dubidar en ler o mesmo libro. Isto é moi proveitoso e eficaz.
- Deixar que os nenos conten os contos aos seus compañeiros.
- Nos contos, pedir a colaboración das nenas e dos nenos en repetición de fórmulas, cancións, busca de finais diferentes...

4.3 Metodoloxía para a etapa de Educación primaria

- Facer preguntas e comentarios sobre o que ocorre no texto lido. Preguntar algo como: "Que cres que ocorrerá despois?", ou "que é isto?"
- Permitir que o alumnado faga preguntas durante a lectura. Responder sempre, aínda que iso implique interromper a lectura. Buscar o xeito de mencionar como se relaciona o lido coa vida propia de cada quen.
- Consultar previamente os datos do texto e as súas relacións (época, autor, tema)
- Evitar parafrasear o texto, é dicir, repetir as mesmas ideas ás que este se refire, pero de forma ampliada.
- Seguir unha orde precisa na explicación que non esqueza ningún dos aspectos esenciais.
- Expresarse con claridade, evitar os comentarios superfluos ou excesivamente subxectivos.



5. ACTIVIDADES

5.1. Actividades de centro.

Dende o centro levarase a cabo a **hora de ler** a cal realizará toda a comunidade educativa. Farase diariamente cunha duración de 30 minutos que se distribuirán da seguinte forma:

- 15 minutos todo o centro ao mesmo tempo despois do recreo (de 12:20 a 12:35)
O profesorado encargado de que se realice a lectura no tempo programado é o que lle corresponde estar na aula segundo o horario que figura na PXA. A lectura poderá ser libre ou dirixida, segundo criterio do docente responsable.
- 15 minutos que o titor fará cos seus alumnos/as ao longo do día

Debido á situación actual, realizarase préstamo a titores dentro das posibilidades da biblioteca.

Dende o centro tamén se intentarán facer saídas complementarias relacionadas coa lectura: biblioteca municipal, contacontos, teatro...

Consideramos moi importante que as actividades sexan atractivas para o alumnado polo que o xogo será o elemento motivador no noso plan. Xogos variados, individuais e colectivos, con metodoloxía concreta e cun tempo adecuado, tendo sempre en conta os obxectivos que queremos acadar. A continuación propoñemos unha mostra de actividades que se poden levar a cabo nos diferentes ciclos:

5.2. Actividades para Educación Infantil.

- Observación de láminas de linguaxe.
- Lectura de imaxes (nomear a imaxe).
- Lectura de imaxes (sons vocálicos).
- Lectura de imaxes (sons fonéticos consonánticos).
- Conta contos.
- Coñecemos palabras novas por medio das láminas de Linguaxe.
- Explicación dun conto.



- Iniciación á lectura de contos.
- Emprego da biblioteca de aula.
- Para a motivación dalgúns centros de interese (animais, árbores, estacións do ano...) acudirá se á biblioteca do colexio.
- Búsqueda en páxinas Web relacionadas coa Literatura Infantil, de poemas, adiviñas, trabalinguas,... para traballar cos nenos. Por exemplo: “El huevo de chocolate”, a páxina Web da rede de bibliotecas municipais...
- Actividades a partires dun conto: ilustrar un conto, inventar un final para a historia, actividades plásticas, dramatización, inventar un conto.
- Traballar distintos aspectos da literatura tradicional como adiviñas, retahílas, cancións de corro.
- Participando en actividades de lectura de “Contos da miña avoa,” na que un pai ou nai, avó, avoa,..., ven o colexio a ler un conto na clase do neno/a.
- O Libro viaxeiro.

5.3. Actividades para Primeiro Ciclo de Primaria.

- Lectura en voz alta.
- Lectura silenciosa.
- Emprego da Biblioteca do Centro e da aula.
- Xogos de agudeza visual e discriminación de sons.
- Sopas de letras.
- Expresar oralmente e mediante o xogo o que comprenderon.
- Expresar os sentimentos que lles transmitiu a lectura.
- Escritura dos seus propios contos para lelos na aula e polos pais.

5.4. Actividades para Segundo Ciclo de Primaria.

As actividades traballaran os seguintes núcleos:



- Atención e habilidade visual
- Vocabulario e ortografía
- Sintaxes e estilo
- Xogos de memoria
- Xogos de comprensión
- Pasatempos
- Lectura en voz alta

Uso frecuente do Dicionario

Lectura de contos dirixidos a Educación Infantil por parte do alumnado deste ciclo.

Realización de biografías de persoas da súa familia.

5.5. Actividades para Terceiro Ciclo de Primaria.

- Actividades de competencia e comprensión lectora.
- Avaliación de competencia e comprensión lectora.
- Ficha- Cuestionario de lecturas comúns.
- Traballos con prensa e revistas infantís.
- Biblioteca de Aula.
- Realizar unha biografía dalgunha personaxe, utilizando os recursos que ofrece a biblioteca do Centro: libros, enciclopedias, Internet,...
- Emprego do dicionario.
- Buscar información relativa a temas de interese en páxinas Web, realizando fichas coa información atopada.
- Lectura de contos dirixidos a Educación Infantil por parte do alumnado deste ciclo.

5.6. actividades adaptadas para alumnos con necesidades educativas especiais

- Elixir libros apropiados ao nivel dos alumnos.



- Exercicios de lectura mecánica diariamente.
- Seguir as pautas marcadas polo departamento de orientación para cada caso.

5.7. actividades dende o equipo da biblioteca

- Elaboración de dípticos-trípticos informativos para as familias (lecturas recomendadas...)
- Elaboración de circulares para o profesorado, meramente informativas ou como documentación sobre diversos aspectos da lectura e da literatura.
- Continuidade do servizo de préstamo (a partir do segundo trimestre)
- Continuar coas actividades de animación á lectura.
- Organización e realización de contacontos entre o alumnado.
- Publicación das actividades realizadas, na páxina web do centro.
- Publicación das novidades adquiridas ,na páxina web do centro.
- Animación á lectura:
 - Exposicións de libros con diversos motivos: Samaín, Nadal...
 - Concurso de marcapáxinas para conmemorar o Día do Libro.
 - Actividades puntuais:
 - Encontros-conversas con autores, ilustradores (Biblioteca)
 - Celebracións, conmemoracións (Biblioteca, Ciclos)
 - Exposicións para celebrar días especiais (Biblioteca)
 - Outras actividades en coordinación cos equipos de Extraescolares, de TICS, de EDL e Laboratorio.

6. RECURSOS

Os principais axentes destinados a fomentar os hábitos de lectura e escritura son os propios mestres/as, por iso é importante implicar a todo o claustro nesta tarefa:

6.1. Persoais:

O profesorado é o referente fundamental. Sen a súa colaboración e esforzo non é posible levar adiante ningún plan. Isto esixe esforzos comúns e metas comúns ás que se debe



chegar a través de acordos e compromisos. Neste senso, o profesorado deberá comprometerse a:

- Establecer uns criterios comúns para todas as áreas.
- Asumir o compromiso de potenciar a comprensión lectora como base de toda aprendizaxe.
- Que as actividades de comprensión lectora deben integrarse no contexto da clase e no traballo diario e responderás características e necesidades propias de cada materia
- Que a lectura comprensiva debe traballarse conxuntamente coa escritura e a expresión oral en todas as áreas do currículo.
- Implicar ás familias no obxectivo de elevar a comprensión lectora de seus fillos e fillas.
- Diseñar actividades de comprensión lectora por áreas, ciclos e cursos que teñan como marco os principios do proxecto lector de centro. O deseño destas actividades será no marco das reunións de ciclo.
- Programar actividades de animación lectora no marco do Proxecto lector de Centro.
- Utilizar os recursos da biblioteca escolar.
- Asumir que a biblioteca debe ser un espazo central da vida diaria do centro, tanto para alumnado como para profesorado

6.2. Materiais:

Os recursos materiais xiran en torno á biblioteca escolar, a biblioteca de aula, e ás tecnoloxías de información e comunicación.

7. DIFUSIÓN DO PLAN Á COMUNIDADE EDUCATIVA

Os Coordinadores de Ciclo darán a coñecer o plan e os/as mestres/as serán os encargados de elaborar no ciclo a súas propostas de adaptación e posta en marcha a cada un dos niveis do plan.



8. IMPLICACIÓNS DAS FAMILIAS

8.1. Aspectos xerais

Porque a lectura é a base de todo coñecemento, o noso colexio vén insistindo no seu fomento desde fai varios anos. Pero o fomento da lectura débese tamén levar a cabo desde a casa, e aí a familia xoga un papel fundamental.

Canto máis cedo estean as nenas e os nenos en contacto co fascinante mundo dos libros, mellor. As nais e pais son os primeiros educadores dos seus fillos e deles aprenderán non só pola dedicación e o empeño que demostren no seu desenvolvemento, senón ademais co bo exemplo.

Aínda que pareza que ganarlle tempo para a lectura en detrimento de ver a televisión ou xogar as videoconsolas é difícil, pode facerse: tan sinxelo como regalar máis libros e menos videoxogos, compartir os tempos de lectura cos nosos fillos desde moi pequenos...

Débese tamén recordar que o noso Colexio dispón dun servizo de biblioteca con préstamo de libros para todo o alumnado e que a biblioteca do concello tamén fai actividades relacionadas coa lectura.

Sobre como comezar o interese e a curiosidade pola lectura nos nenos, desde que idade e con que ferramentas, hai autores que sinalan que o exemplo que ven os fillos nos seus pais é moi importante. As nenas e os nenos aprenden co exemplo, as familias teñen que ter libros na casa, lerlles todos os días, se son moi pequeniños, usar libros con deseños e ilustracións rechamantes, pódese tamén usar debuxos ou fotos e logo facerlles preguntas e pedirlles que eles conten unha historia.

Cada ciclo informará aos pais/nais do que pode facer para axudar a mellorar a lectura dos seus fillos/as, por exemplo :

- Ler con eles uns minutos cada día para mellorar a lectura mecánica e comprensiva.
- Ler na casa para que sexan estímulo para os seus fillos e lles imiten.
- Ler algún texto literario para que vaian familiarizándose con eles.
- Comentar na casa o lido.



- Regalar libros, dacordo cos seus intereses.

8.2. Estratexias co alumnado de Educación Infantil

- Tratar de converter a lectura nunha rutina diaria. Ler con eles, polo menos, uns quince minutos diariamente. A hora de ir á cama é un momento especialmente apropiado para ler xuntos.
- É conveniente ter aos nenos e ás nenas sentados no colo cando se lea con eles. Permitirlles agarrar o libro e que axuden a pasar as páxinas.
- Manifestarlles o gozo que se sinte de ler xuntos. Falarlles da "hora de ler contos" como a hora preferida do día.
- Rodear aos nenos e as nenas de libros. Tratar de manter libros na casa para fomentar a lectura. Os libros comprados en librerías poden ser caros, pero pódense sacar prestados da biblioteca do cole, ¡non custa nada!
- Permitirlles que elixan os seus propios libros. Ler o que lles interesa é unha forma de facer a lectura divertida.
- É conveniente converter a lectura en algo especial, obsequiando con libros e contos e usando os libros para premiarlles polos seus logros.

8.3. Estratexias co alumnado de Educación Primaria

- Animar ás nenas e aos nenos a ler outro libro. Se lles gusta un libro, buscar outro cun tema similar ou do mesmo autor. Pedirlle consello ao profesorado titor sobre libros de lectura interesantes e propios para a súa idade.
- Alternar a hora de ler. Pedirlles que lean en voz alta todos os días, de xeito que eles lean unha páxina e a nai ou pai a seguinte.
- Facer conexións coa vida dos menores. Axudarlles a conectar o que len nos libros co que ocorre na vida. Se len un libro sobre a familia, mencionarlles, por exemplo, en que se parece ou se diferencia o que ocorre no conto ao que ocorre na súa familia.



- Incentivalos á hora de ler, animándoos especialmente á hora de deitarse. Ofrecerlles escoller entre ler ou durmir. A maioría das nenas e nenos elixen ler, a condición de que non se lles ofrezca algo máis tentador (como a televisión).
- Animalos a ler distintos tipos de libros, artigos ou contos. Hai revistas que as nenas e nenos poden ler, pero ¡ollo! débese revisar antes o seu contido así como empezar a ensinalos a ler dunha forma crítica e reflexiva.

9. AVALIACIÓN DO PLAN

- Avaliación dos obxectivos.
- Avaliación das actividades
- Avaliación dos recursos
- Instrumentos de avaliación:
 - Probas de avaliación de habilidade e competencia lectora dos alumnos.
 - Enquisas relativas á utilización da Biblioteca do Centro e aos hábitos de lectura.
 - Elaboración de estatísticas para comparación con datos posteriores.
 - Memoria final do curso.

A Laracha a 23 de Febreiro de 2017

O DIRECTOR

Juan Manuel Ramos Varela



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP "RAMÓN OTERO PEDRA

Tel. : 881 880686

e-mail: ceip.pedraio.laracha@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipoteropedrayo/>



DATAS DE REVISIÓN DO DOCUMENTO	
23 FEBREIRO 2017	

Proxecto Lector _____